



Concello de Mugardos
(A Coruña)

REGULAMENTO IV TRAVESÍA A NADO CONCELLO DE MUGARDOS

ORGANIZA: Concellaría de deportes do Concello de Mugardos

DATA: 31 de agosto 2024

HORA E LUGAR: 16:00 horas, na praia da Bestarruza

INSCRICIÓNS: EN cronotec.es, até o 27 de agosto á 00.00. Haberá 120 prazas, sendo posible inscribirse e o mesmo día da proba de 14.30 a 15.30 se quedasen prazas libres.

Recollida do chip a partir das 15:00 na praia da Bestarruza

O custe da inscrición será de 5€ agás a Popular que será 1€

Categorías Masculino e feminino

Cat. A: Anos 1988 e anteriores.

Cat. B: Anos do 1989 ao 2006.

Cat. C: Anos do 2007 ao 2010.

Cat. D: Anos 2011 e posteriores.

Cat. Popular: Todas as idades, pódese usar material auxiliar.

Distancias e horario:

16:00 Cat. A, B e C: 1000 m.

16:30 Cat. D: 400 m.

16:45 Cat. Popular: 100 m.

Normativa de competición:

Trátase dunha proba de natación en augas abertas de estilo libre. As persoas participantes deberan seguir as indicacións da organización. A saída será desde a praia nun espazo acoutado para o efecto, os percorridos será axeitadamente sinalado con boias. A organización disporá de embarcacións auxiliares. Quedarán automaticamente fora da competición as persoas que a xuízo da organización teñan un comportamento antideportivo, se desvíen do percorrido sinalizado ou reciban asistencia de terceiros, en ambos casos para obter vantaxe. Permítese o uso de neopreno, gafas natación e gorro. Non se permite o uso de material auxiliar como aletas, pas, boias, tubos respiración..

Premios:

A entrega de premios se realizará na propia praia da Bestarruza ao remate da última proba. Haberá medallas conmemorativas para toda a participación e medallas aos tres primeiros homes e mulleres en clasificarse en cada categoría agás a popular. A organización entregará trofeos para os gañadores absolutos da travesía (masculino e feminino) e tamén para a persoa máis nova e á máis maior de entre toda a participación nas tres saídas.



Concello de Mugaros
(A Coruña)